

Fax:  Teléf.: 981 714 000
981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 26-11-2020

Celebración do Pleno ordinario sendo ás 18:00 horas do día 26 de novembro de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D. Miguel Ángel González Gómez.

D. Faustino Santiago Lema

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D^a. M^a. Noelia Varela Suárez

D^a María Teresa Chouciño Calvete

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar

D. Jesús Daniel García Cotelo.

D^a. M^a. Beatriz Martínez Calvo

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-

Polo PSdeG-PSOE:

D^a. Raquel Fondo Pérez

D^a. Ana Pérez Imia

Por APIN-SON Ponteceso:

D. Marco Antonio Varela Vidal

SECRETARIA : D^a ANTÍA PENA DORADO

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión. A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1º. APROBACIÓN ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-

Correspondente á sesión do Pleno celebrada o día 28-09-2020, de carácter ordinario.

Intervén D. Faustino Santiago Lema, concelleiro do PSOE, preguntando pola retransmisión do Pleno

O Alcalde responde que a convocatoria do Pleno dío claramente que é presencial cos membros do Pleno sen público pola situación do estado de alarma e garantízase a publicidade do mesmo coa retransmisión e que non houbo ningunha alegación e impugnación da mesma.

D. Faustino Santiago Lema insiste se esto se podía consultar primeiro, ao que o Sr. Alcalde insiste na transparencia e que os vecinos teñen dereito a asaber o que se vai tratar hoxe aquí.

Facendo uso da palabra o Sr García Cotelo, voceiro do PP indica que debía consultalo con todos os concelleiros.

O Sr Eiroa Ameijenda, concelleiro do PSOE intervén dicindo se hai máis cámaras, polo que o Sr. Alcalde chámalle a orde por primeira vez dado que non estaba no uso da palabra.

De seguido o Sr. Alcalde pregunta se existe alguna aclaración a aprobación da acta. Non existindo aclaracións, sométese a votación a aprobación da acta acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 votos a favor(3 do PSOE (Xosé Lois García Carballido, Noelia María Varela Suárez, María Teresa Chouciño Calvete) e 3 do PP)

Votos en contra: --

Abstencións: 4 (3 PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago e Salvador Eiroa Ameijenda) e 1 APIN)

Polo que se aproba a acta do Pleno Ordinario do 28-09-2020.

2º.- 2020/X998/000014 - APROBACIÓN DEFINITIVA DO LISTADO DE DEMANDANTES DE VIVENDAS SOCIAIS EN RÉXIME DE ALUGUER

Por parte da presidencia dase a palabra á Sra Secretaria que procede a lectura do dictamen , que no seu literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DO LISTADO DE DEMANDANTES DE VIVENDAS SOCIAIS EN RÉXIME DE ALUGUER. EXPD: 2020/X998/000014

Contamos no Concello de Ponteceso coa relación de demandantes de vivenda inscritos no Rexistro Único de Demandantes de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de data 13-11-2017, autoriza a desafectación das vivendas dos mestres, números 10 e 12, sitas na Rúa Colexio ,Ponteceso, segundo o informe asinado polo secretario acctal. Emilio Caínzos Quintás, con data do 09 de marzo de 2018, que consta no expediente.

En base á Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases para a concesión das subvencións para a rehabilitación das antigas vivendas de mestres, O Concello de Ponteceso solicita a subvención para a rehabilitación da vivenda nº 10, con referencia Catastral 8876505NH0887N0001DX.

Mediante Resolución do 17 de xullo de 2018 o Instituto Galego de Vivenda e Solo concede ao Concello de Ponteceso a subvención para a rehabilitación da antiga vivenda dos mestres nº 10. Con esta subvención rehabilitáronse os dous pisos da vivenda nº 10, de titularidade municipal garantindo o cumprimento dos requisitos básicos de funcionalidade, seguranza, habitabilidade e/ou accesibilidade.

Tendo en conta que por acordo plenario do 27.7.2020 acordouse reabrir o procedemento en aras de cubrir as dúas vivendas sociais, e publicar estes pregos no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web polo prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Tendo en conta a publicación no BOP nº 122 o 4.08.2020

Tendo en conta as solicitudes presentadas e informe de valoración emitido por a Traballadora Social o 8.09.2020

Logo de ver o Decreto nº 584/2020 do 11.09.2020 no que se aproba a listaxe provisional conforme ao informe redactado polos Servizos Sociais no que se indica que ningún dos solicitantes cumpre cos requisitos sinalados nas bases.

Logo de ver que o listaxe provisional foi publicado na páxina web do Concello así como no taboleiro de edictos durante o prazo de 10 días hábiles, durante o cal non se presentaron alegacións ou reclamacións, conforme informe da encargada de rexistro do 30.09.2020

Considerando o previsto no epígrafe quinto das bases que rexiren a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais, sitas no edificio anexo ás escolas, antigas vivendas dos Mestres, en réxime de aluguer.

Por todo o anterior Propoño ao Pleno:

PRIMEIRO. Elevar a definitivo o listado de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime

de aluguer conforme resolución 584/2020, declarando deserto o procedemento.

O Sr Alcalde dalle a palabra aos voceiros de APIN e do PP os cales non teñen nada que engadir

Sométese a votación o dictamen da proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: 6 votos a favor(3 do PSOE (Xosé Lois García Carballido, Noelia María Varela Suárez, María Teresa Chouciño Calvete) e 3 do PP)

Votos en contra: --

Abstencións: 4 (3 PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago e Salvador Eiroa Ameijenda) e 1 APIN)

Polo que o Pleno da Corporación, ACORDA:

PRIMEIRO. Elevar a definitivo o listado de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de aluguer conforme resolución 584/2020, declarando deserto o procedemento.

3.- 2020/X999/000507 - PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DE DÚAS VIVENDAS SOCIAIS MUNICIPAIS, SITAS NO EDIFICIO ANEXO ÁS ESCOLAS, ANTIGAS VIVENDAS DOS MESTRES, EN RÉXIME DE ALUGUER

Por parte da presidencia dase a palabra á Sra Secretaria que procede á lectura do dictamen que no seu literal di:

“EXPEDIENTE: 2020/X999/000507

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS

MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DE DÚAS VIVENDAS SOCIAIS MUNICIPAIS, SITAS NO EDIFICIO ANEXO ÁS ESCOLAS, ANTIGAS VIVENDAS DOS MESTRES, EN RÉXIME DE ALUGUER.

Na data de 12 de novembro de 2020 a traballadora social dos servizos sociais municipais emitiu o informe proposta de modificación das bases que rexerán o concurso para a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais.

As bases vixentes do concurso para a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais aprobáronse polo Pleno na sesión celebrada o 25-05-2020, e rematado o proceso só se adxudicou unha soa vivenda.

Polos servizos sociais municipais se detectan necesidades de vivenda nos colectivos e familias con proxecto de intervención de servizos sociais, se ben, entre outros, non cumpren o requisito mínimo de residencia e empadramento no Concello de Ponteceso, e nestes intres de crise económica e sanitaria débese facilitar a adxudicación da vivenda libre ás familias con necesidade. A xuízo da traballadora social o dito requisito de empadramento débese modificar esixindo un mínimo de 3 anos en vez de 5 que o contempla a base 2, condicións para a admisión

de solicitudes. A base 3.2, circunstancias persoais e familiares, deberá engadir o seguinte parágrafo: “Dado o fin social das vivendas, a súa superficie e distribución, só poderán solicitar as familias, unidades familiares de convivencia, de un mínimo de tres membros, sendo un polo menos menor de idade.” Deste xeito excluírías as familias de un ou dos membros, xa que pola superficie, equipamento e distribución as mesmas son aptas para familias de máis membros. Na base 3 engadirase un novo apartado, 3.c.1), no que se puntuarán ás familias numerosas, do seguinte xeito: 3.c.1) Pola condición de familia numerosa: ... 5 puntos.

A xestión das solicitudes, informes, xestión do listado de persoas demandantes, provoca unha gran carga de traballo ao departamento, e considérase necesario proceder tamén a modificar a base 3, na que se incluíría un parágrafo final no que se reflicta o seguinte: “As solicitudes que non acaden a puntuación mínima de 23 puntos na fase de baremación dos criterios de adxudicación quedarán excluídas do listado de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de aluguer”.

Esta concellería estima convinte e necesario proceder á sobredita modificación para así poder adxudicar a vivenda que neste intre encóntrase sen adxudicar e polo tanto con libre dispoñibilidade, e e por iso eleva ao Pleno a seguinte

Por todo, o anterior, Propoño o Pleno:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación das bases 2 e 3, aprobadas polo Pleno na sesión de 25-05-2020, que rexerán o concurso para a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais, sitas no edificio anexo ás escolas, antigas vivendas dos mestres, en réxime de aluguer:

“2.- CONDICIÓN PARA A ADMISIÓN DE SOLICITUDES.

Para ser persoa beneficiaria da adxudicación, deberán reunirse as seguintes condicións xerais á data do remate do prazo de presentación das solicitudes:

1ª.- Non ter sido beneficiario ou beneficiaria nos últimos quince anos de vivendas de promoción pública, tanto en réxime de propiedade como en calquera outro réxime de cesión de uso.

2ª.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e resto de ingresos procedentes da Tesourería Municipal.

3ª.- Residir de forma efectiva no Concello de Ponteceso durante un período non inferior a **3 anos** previos á data da publicación do presente prego.

4ª.- Acreditar mediante o certificado expedido polo Ministerio de Xustiza a carencia de delitos de natureza sexual (Requisito que se considera esencial debido á integración das vivendas dos Mestres no complexo educativo anexo).

3.- BAREMO PARA A FORMACIÓN DE LISTADO DE PERSOAS DEMANDANTES DE VIVENDAS SOCIAIS EN RÉXIME DE ALUGUER.

Para a adxudicación, as solicitudes ordenaranse consonte ao seguinte baremo:

1.- Necesidade da vivenda (só puntuará por un dos apartados):

a) Habitar unha vivenda con deficientes condicións de habitabilidade como chabolas, construcións semellantes ou edificios en ruína declarada ou non residenciais:..... 10 puntos

b) Carecer dunha vivenda por atoparse nalgunha das seguintes condicións (só unha das situacións):

1. Aloxamento en establecemento público:5 puntos.

2. Aloxamento en cuartos re-alugados, en hospedaxe ou en convivencia con outros familiares ou outra familia:8 puntos.

3. Alugamento de vivenda:.....5 puntos

c) Solicitude de vivenda por ter pendente expediente de desafuzamento xudicial ou administrativo por ter executado o desafuzamento nun prazo non superior a seis meses con anterioridade á solicitude:10 puntos.

2.- Circunstancias persoais e familiares:

Entenderase por familia a unidade familiar de convivencia, formada polo solicitante, o seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita, ascendentes e fillos, con independencia da súa idade, que residan na vivenda, incluíndo os menores vinculados por unha relación de tutela, garda ou acollemento familiar.

Dado o fin social das vivendas, a súa superficie e distribución, só poderán solicitar as familias, unidades familiares de convivencia, de un mínimo de tres membros, sendo un polo menos menor de idade.

a) Residir no Concello de Ponteceso, en función do tempo que se leve empadroado, dando 1 punto por cada ano completo empadroado no concello e ata un máximo de 4 puntos.

b) Por discapacidade dalgún membro da unidade familiar, segundo o grao

a. Do 33 % ao 65%: ..2 puntos

b. Do 66% ao 100%: ..4 puntos

c) Pola condición de familia monoparental: ... 3 puntos.

c.1) Pola condición de familia numerosa: ... 5 puntos.

d) Familias con proxecto de intervención de servizos sociais: ...4 puntos.

e) Vítimas da violencia de xénero debidamente acreditado documentalmente:..3 puntos.

3.- Circunstancias económicas:

Cociente de dividir os ingresos familiares totais entre o número de membros da unidade familiar. Cociente por membro IPREM, € ANO 2020:

a) Ata 0.20 veces o IPREM, 10 puntos.

b) De 0.21 a 0.30, 8 puntos.

c) De 0.31 a 0.40, 6 puntos.

d) De 0.41 a 0.50, 4 puntos.

e) De 0.51 a 0.70, 2 puntos.

f) De 0.71 a 0.90, 1 punto.

4.- Situación legal de desemprego: ...5 puntos

As solicitudes que non acaden a puntuación mínima de 23 puntos na fase de baremación dos criterios de adjudicación quedarán excluídas do listado de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de aluguer.

O Concello de Ponteceso resérvase o dereito a puntuar cero se non se declaran todos os ingresos familiares ou non se presenta toda a documentación ao respecto.”

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web a modificación das bases aos efectos de publicidade da convocatoria, e establecer un novo prazo para a presentación de solicitudes polos interesados que será dun mes, contado a partir do día seguinte da súa publicación

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21, 22 e 25.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Aberto o debate o Sr Alcalde dalle a palabra ao voceiro de APIN, Sr Pose Verdes, o cal non ten nada que engadir

o Sr Alcalde dalle a palabra ao voceiro do PP, Sr García Cotelo, o cal responde que a proposta de modificación de bases da concelleira delegada de Servizos Sociais fai referencia á baixada de 5 a 3 anos no periodo de residencia no Concello como se falara na última comisión informativa e da as grazas por contar coa proposta do PP de rebaixar de 5 a 3 anos.

O Sr Alcalde recalca que isto é posible grazas ó traballo de xestión da concelleira delegada Noelia María Suárez Varela que xa levou a proposta ao pleno de maio e tamén toda a xestión que fixo de publicidades e de recibir as solicitudes, xa que se encargou de falar con toda a xente que antes non era demandante de vivenda protexida. Indica que lle gusta moito a proposta da Concelleira de baixar de 5 a 3 anos o empadramento e por puntuar mais as familias numerosas e agradece tamén a colaboración da oposición.

Sométese a votación o dictamen da proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: 6 votos a favor(3 do PSOE (Xosé Lois García Carballido, Noelia María Varela Suárez, María Teresa Chouciño Calvete) e 3 do PP)

Votos en contra: --

Abstencións: 4 (3 PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago e Salvador Eiroa Ameijenda) e 1 APIN)

Polo que o Pleno da Corporación, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación das bases 2 e 3, aprobadas polo Pleno na sesión de 25-05-2020, que rexerán o concurso para a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais, sitas no edificio anexo ás escolas, antigas vivendas dos mestres, en réxime de aluguer:

“2.- CONDICIÓN PARA A ADMISIÓN DE SOLICITUDES.

Para ser persoa beneficiaria da adxudicación, deberán reunirse as seguintes condicións xerais á data do remate do prazo de presentación das solicitudes:

1ª.- Non ter sido beneficiario ou beneficiaria nos últimos quince anos de vivendas de promoción pública, tanto en réxime de propiedade como en calquera outro réxime de cesión de uso.

2ª.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e resto de ingresos procedentes da Tesourería Municipal.

3ª.- Residir de forma efectiva no Concello de Ponteceso durante un período non inferior a **3 anos** previos á data da publicación do presente prego.

4ª.- Acreditar mediante o certificado expedido polo Ministerio de Xustiza a carencia de delitos de natureza sexual (Requisito que se considera esencial debido á integración das vivendas dos Mestres no complexo educativo anexo).

3.- BAREMO PARA A FORMACIÓN DE LISTADO DE PERSOAS DEMANDANTES DE VIVENDAS SOCIAIS EN RÉXIME DE ALUGUER.

Para a adxudicación, as solicitudes ordenaranse consonte ao seguinte baremo:

1.- Necesidade da vivenda (só puntuará por un dos apartados):

a) Habitar unha vivenda con deficientes condicións de habitabilidade como chabolas, construcións semellantes ou edificios en ruína declarada ou non residenciais:..... 10 puntos

b) Carecer dunha vivenda por atoparse nalgunha das seguintes condicións (só unha das situacións):

1. Aloxamento en establecemento público:5 puntos.

2. Aloxamento en cuartos re-alugados, en hospedaxe ou en convivencia con outros familiares ou outra familia:8 puntos.

3. Alugamento de vivenda:.....5 puntos

c) Solicitud de vivenda por ter pendente expediente de desafuzamento xudicial ou administrativo por ter executado o desafuzamento nun prazo non superior a seis meses con anterioridade á solicitud:10 puntos.

2.- Circunstancias persoais e familiares:

Entenderase por familia a unidade familiar de convivencia, formada polo solicitante, o seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita, ascendentes e fillos, con independencia da súa idade, que residan na vivenda, incluíndo os menores vinculados por unha relación de tutela, garda ou acollemento familiar.

Dado o fin social das vivendas, a súa superficie e distribución, só poderán solicitar as familias, unidades familiares de convivencia, de un mínimo de tres membros, sendo un polo menos menor de idade.

a) Residir no Concello de Ponteceso, en función do tempo que se leve empadroadado, dando 1 punto por cada ano completo empadroadado no concello e ata un máximo de 4 puntos.

b) Por discapacidade dalgún membro da unidade familiar, segundo o grao

a. Do 33 % ao 65%: ..2 puntos

b. Do 66% ao 100%: ..4 puntos

c) Pola condición de familia monoparental: ... 3 puntos.

c.1) Pola condición de familia numerosa: ... 5 puntos.

d) Familias con proxecto de intervención de servizos sociais: ...4 puntos.

e) Vítimas da violencia de xénero debidamente acreditado documentalmente:..3 puntos.

3.- Circunstancias económicas:

Cociente de dividir os ingresos familiares totais entre o número de membros da unidade familiar. Cociente por membro IPREM, € ANO 2020:

a) Ata 0.20 veces o IPREM, 10 puntos.

b) De 0.21 a 0.30, 8 puntos.

c) De 0.31 a 0.40, 6 puntos.

d) De 0.41 a 0.50, 4 puntos.

e) De 0.51 a 0.70, 2 puntos.

f) De 0.71 a 0.90, 1 punto.

4.- Situación legal de desempleo: ...5 puntos

As solicitudes que non acaden a puntuación mínima de 23 puntos na fase de baremación dos criterios de adxudicación quedarán excluídas do listado de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de aluguer.

O Concello de Ponteceso resérvase o dereito a puntuar cero se non se declaran todos os ingresos familiares ou non se presenta toda a documentación ao respecto.”

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web a modificación das bases aos efectos de publicidade da convocatoria, e establecer un novo prazo para a presentación de solicitudes polos interesados que será dun mes, contado a partir do día seguinte da súa publicación

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21, 22 e 25.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

4.- EXPEDIENTE: 2020/X999/00181 APROBACIÓN CONTA XERAL

Por parte da presidencia dase a palabra á Sra Secretaria que procede a dar lectura do dictamen que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2019

Finalizada a contabilización do exercicio 2019, de conformidade coa Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local), se procedeu á formación da Conta Xeral do Concello de Ponteceso para o citado exercicio

Segundo o artigo 209 do TRLFL e a Regra 44.2 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, a conta xeral estará integrada por: a conta da propia entidade local, a conta dos organismos autónomos, a das sociedades mercantís de capital integramente propiedade das entidades locais e as das entidades públicas empresariais. No caso do Concello de Ponteceso ao non existir nin organismos autónomos nin sociedades mercantís de capital integramente municipal, nin entidades públicas empresariais a Conta Xeral está integrada unicamente pola Conta do Concello de Ponteceso.

De acordo coa Regra 45.1 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, as contas anuais do Concello de Ponteceso para o exercicio 2019 están integradas polos seguintes estados:

- O balance.
- A conta de resultado económico-patrimonial.
- O estado de cambios no patrimonio neto
- O estado de fluxos de efectivo

- O estado de liquidación do orzamento.

- A memoria.

Tales contas foron elaboradas seguindo as normas e axustándose aos modelos que se establecen na Orde antes citada. Ademais de conformidade co apartado 3 da mencionada Regra 45 aos estado anteriores, se une a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en caixa a final do exercicio.

- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesma a favor da entidade local referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

A interventora informou o 11.06.2020 (referencia LMR CX19/2020) O artigo 212 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais establece que a Conta Xeral será informada pola Comisión Especial de Contas. O 22.07.2020 a Comisión Especial de Contas ditaminou favorablemente a Conta Xeral do Concello de Ponteceso correspondente ao exercicio 2019 nos termos e coa documentación que obra no expediente, dado que foi elaborada ao abeiro da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local e xa que consta de tódolos documentos exixidos pola citada normativa.

A Conta Xeral 2019, cós documentos que a xustifican e o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, permaneceron expostos ó público na Intervención, durante os quince días hábiles comprendidos entre o 4 de agosto e o 24 de agosto de 2020 (ambos inclusive), mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 121 de data 3 de agosto de 2020 e que, durante o transcurso do citado prazo e de oito días hábiles máis, NON SE PRESENTOU NINGUNHA RECLAMACION tal e como consta no informe de Rexistro de 30.09.2020

O Sr Alcalde dalle a palabra aos voceiros de APIN e do PP os cales non teñen nada que engadir

Sométese a votación o dictamen da proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 votos a favor do PSOE (Xosé Lois García Carballido, Noelia María Varela Suárez, María Teresa Chouciño Calvete)

Votos en contra: --

Abstencións: 7 (3 PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago e Salvador Eiroa Ameijenda), 3 PP e 1 APIN)

Polo que o Pleno da Corporación, ACORDA:

PRIMEIRO.- A aprobación da Conta Xeral do Concello de Ponteceso correspondente ao exercicio 2019 nos termos e coa documentación que obra no expediente, dado que foi elaborada ao abeiro da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local e xa que consta de tódolos documentos exixidos pola citada normativa

5.- EXPEDIENTE: 2020/X999/000407 MC25TC10-10

Por parte da presidencia dase a palabra á Sra Secretaria, que procede a dar lectura ao dictamen que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

VISTO que xa iniciado o exercicio 2020 tiveron entrada no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso diversas facturas presentadas por acreedores municipais correspondentes a prestacións efectivamente realizadas no exercicio 2019 así como a prestacións efectivamente realizadas no exercicio 2020, en ambos casos carentes de crédito axeitado e suficiente.

VISTA a providencia de inicio do expediente de recoñecemento extraxudicial núm. 3/2020.

VISTO que non existe crédito axeitado e suficiente para a aprobación da totalidade das facturas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial núm. 3/2020, por providencia de 28.08.2020 dispuxen o inicio da modificación de créditos expediente número mc25tc10-20 có detalle que consta na memoria de alcaldía anexa ao citado expediente.

A interventora informou o 28.08.2020 coas seguintes conclusións:

*“Con base en todo o exposto ata o momento neste informe e a pesar de que se verifica, unha vez contabilizada a providencia de alcaldía de inicio de expediente de 28.08.2020, a dispoñibilidade contable de crédito na aplicación a minorar nos termos do artigo 31 do RD 500/1990 e o cumprimento dos límites aos que fan referencia artigos 180 e 181 do TRLRFL e 41 do RD 500/90, se informa **desfavorablemente** a modificación de créditos mc25tc10-20 xa que o servizo público ao que afecta a minoración da aplicación orzamentaria 2020.161.227.06 (servizo municipal de augas) sen dúbida algunha se verá seriamente afectado.*

O Concello de Ponteceso está nunha situación de inestabilidade orzamentaria e de incumprimento da regra de gasto posta de manifesto con ocasión da aprobación da liquidación do exercicio 2019. En consecuencia dada a obriga de formular e aprobar o plan económico-financiero a que se refire o artigo 21.2 de Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), se debe impor a estricta austeridade na xestión do gasto público de xeito que as actuacións a realizar se deberían cinguir aos servizos públicos definidos no artigo 26.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril LRBRL”

VISTO que a finalidade da modificación de créditos expediente número mc25tc10-20 é a dotación de crédito necesario nas aplicacións detalladas na memoria de alcaldía anexa ao expediente para poder aprobar diversas facturas que, constando no expediente de recoñecemento extraxudicial nº 3/2020, son imputables ás mesmas. As citadas facturas están xerando xuros de demora e afectando negativamente ao Período Medio de Pago polo que urxe a súa aprobación.

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno:

PRIMEIRO.-A aprobación inicial da modificación de crédito expediente nº mc25tc10-10 segundo se indica a continuación:

1.1.- APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO QUE SE INCREMENTAN:

Partida	Consignación antes	Aumento que se	Total	consignación
---------	--------------------	----------------	-------	--------------

orxamentaria	do expediente mc25tc10-20	propón	resultante
2020.311.203.00	0,00	544,5	544,5
2020.311.226.99	336,23	1034,56	1370,79
2020.311.227.06	6.154,06	825,17	6.979,23
2020.311.227.99	9933,97	4002,3	13936,27
2020.323.213.00	4892,07	3198,18	8090,25
2020.323.221.00	35.063,68	2257	37.320,68
2020.323.226.99	2.284,72	12520,09	14.804,81
2020.323.227.06	0,00	2835,12	2.835,12
2020.324.221.04	0,00	387,2	387,20
2020.326.213.00	3.664,77	559,96	4.224,73
2020.3321.213.00	0.00	206,29	206,29
2020.333.213.00	4.847,79	759,9	5.607,69
2020.333.221.05	0,00	138,6	138,60
2020.333.221.99	0,00	429,55	429,55
2020.333.226.99	0,00	42,35	42,35
2020.333.227.06	0,00	1970,13	1.970,13
2020.334.213.00	340,42	804,03	1.144,45
2020.334.226.99	6.550,00	294,86	6.844,86
2020.334.227.99	78.418,89	200	78.618,89
2020.337.213.00	1.625,51	338,8	1.964,31
2020.337.221.00	1.184,01	1267,91	2.451,92
2020.337.221.02	0,00	1025,84	1.025,84
2020.338.205.00	10.648,00	17999	28.647,00
2020.338.226.02	5.017,98	272,25	5.290,23
2020.338.227.99	1.480,00	2662	4.142,00
2020.341.221.05	240,00	1785,04	2.025,04
2020.341.227.99	25.912,28	650	26.562,28
2020.342.213.00	23.672,59	610,28	24.282,87
2020.342.221.00	26.985,78	2059,28	29.045,06
2020.342.226.99	97,11	248,05	345,16
2020.342.227.06	2.786,50	5839,46	8.625,96
2020.342.619.00	227.672,50	41750,7	269.423,20
TOTAL		109.518,40	

1.2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIAS DE GASTO QUE SE MINORAN:

Partida orxamentaria	Consignación antes do expediente mc25tc10-20	Minoración que se propón	Total consignación resultante
2020.161.227.06	321.263,14	109.518,40	211.744,74
TOTAL		109.518,40	

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, inserindo o edito correspondente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, en datas iguais, para que no prazo de quince días hábiles as persoas interesadas poidan presentar reclamacións.

TERCEIRO.- No caso de que non haxa reclamacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior. De seguido, procederáse á publicación do acordo definitivo, tal e como o esixe o artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e artigos 34, 40, 41, 20 e 22 do R.d. 500/1990, do 20 de abril.

CUARTO.- No caso de que as persoas interesadas presenten reclamacións, resolveráas o Pleno Corporativo cos informes oportunos previos. Unha vez que o Pleno as resolva, procederáse como se indicou no parágrafo anterior.

A Comisión Especial de Contas, na reunión celebrada o día 22-09-2020, ditaminou en sentido favorable a proposta de acordo.

O Alcalde dálle a palabra ao voceiro de APIN, Sr. Pose Verdes, que lle pide explicación en primeiro lugar de por que celebrou o pleno ordinario a esta hora e en segundo lugar por que chamou persoalmente aos empresario para dicirlles que a este pleno ven o pago das súas facturas.

Continúa dicindo que non entende por que APIN ten que votar a favor, recordándolle ao señor Alcalde que o presuposto deste ano era o mellor do mundo mundial.

Recórdalle que nese presuposto mellor do mundo mundial había partida, había cartos para a recollida de lixo, etc E agora non os hai. Entón terá que demostrarlle por que temos que votar a favor desta modificación, dado que manifesta que están en contra de votar a favor porque con un Presuposto tan bo non entende como non se é capaz de amañar un problema de 100.000 €.

O Alcalde dálle a palabra ao portavoz do PP , Sr García Cotelo, que comeza a súa exposición dicindo que aquí estamos dous meses despois ca modificación de crédito, que xa que non foi aprobada no Pleno anterior e volve co mesmo dous meses despois sen unha chamada de teléfono, nin unha reunión para ter un consenso.

Di que o alcalde gañou as eleccións con maioría absoluta e como se viu tan relaxado nese tempo, fixo un presuposto e utilizou os cartos noutras cousas, porque pensaba vostede gobernar despois con extraxudiciais.

Agora tenlle que pagar a xente e vostede dílles que non pode pagar porque non ten cartos, pero non di que existe un informe financeiro que di que temos unha inestabilidade orzamentarias que a incumprimos de 608.000€. ¿de onde se vai sacar eses cartos?

Continua dicindo que no anterior pleno indicoulle que non sacara os cartos do servizo da auga co problema que houbo en Corme o ano pasado, cun montón de infectados e afectados.

Agora vai dicir, Sr, Alcalde, que por culpa de tal non podemos pagar os empresarios de Ponteceso. A culpa é súa, porque vostede fixo mal as cousas dende un principio e non ten os apoios suficientes para levar o extraxudicial adiante.

O que debería facer se fora intelixente, era buscar os apoios, porque quen ten o problema, quen ten a crise, é vostede no seu equipo de goberno. O que non pode é traer o mesmo ao Pleno sen consenso

O Sr Alcalde, no uso da palabra, comeza dicindo que el pediu públicamente que deixaran os problemas que teñen as empresas para cobrar fóra dun debate partidista. Nun momento tan complicado como están vivindo agora as empresas por mor da crise sanitaria que estamos vivindo, moitas empresas carecendo de ingresos e nunha situación verdadeiramente crítica.

En poucos días recibimos moitas solicitudes do Plan Reactiva (esperamos que non sexa o último plan de apoio ás empresas).

Por un lado estamos axudando ás empresas vía financiación, vía subvencións e por outro lado temos a ocasión de afrontarlle uns pagos de 100.000€ e ¿non o vamos a facer? Evidentemente nós vamos buscar unha modificación de crédito que non prexudique ao Concello, a ver na partida que temos reservada para a licitación da auga aínda quedan 100.000€ sen executar, a parte dos que van aquí no modificativo.

Pero agora trátase de que o expediente está feito, está ditaminado favorablemente pola comisión informativa, veu a Pleno con informe favorable é unha cousa que non vai prexudicar a ninguén, que vai favorecer, ¿Por qué non vamos aprobar o modificativo de crédito?

Se o Partido Popular e APIN non queren aprobalo, polo menos abstéñanse pero non voten en contra desta modificación de crédito, porque detrás dese voto en contra haberá moitos empresarios prexudicados

Nós temos que pagarlle á xente, senón cando pidamos o Plan de obras o diñeiro do POS vai ter que ir para pagar esas facturas atrasadas. Imos ser o único concello da provincia da Coruña que usemos o POS para pagar facturas atrasadas e non en obras, tendo en conta que o POS ata o verán do 2021 non se aproba e ¿vamos ter aos empresarios sen pagar un ano? Se os empresarios deanuncian ao Concello vamos ter que pagar xuros de demora.

Pídolles por favor que aparten ese partidismo e pensen un pouco o que vai pasar maña.

O Sr alcalde cédelle a palabra ao voceiro de APIN, Sr Pose Verdes, que confirma que a súa verborrea lle encanta, que o vostede gastou os cartos onde quixo e agora vostede é quen ten o problema. Se non ten capacidade para xestionar isto, se vostede marcha, ao día seguinte nós pagámoslle aos empresarios.

Fala vostede de 1/3 pero deses 2/3 non fan fala. Se vostede quixera pagar puido facelo, pero non, vostede o único que quere é vir contar películas, vostede non quere pagar aos empresarios porque tivo mil maneiras de facelo e non o fixo.

Nós non imos votar a favor, os empresarios si que deben de cobrar, pero o outro día mirando as resolucións de alcaldía de alumeado do Nadal, presentáronse tres empresas para adxudicarlle o

contrato, dúas de elas superaron o tipo de licitación e outra empresa presentou o prezo exacto co que se licitaba, volvendo aos tempos de antes e isto non é forma de traballar.

O alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP, Sr. García Cotelo, o cal indica que o Alcalde se repite e repite porque está convencido que canto máis se repita unha mentira, antes se converte en verdade, isto é unha técnica que vostede utiliza.

Aos empresarios de Ponteces débenselle 105.000€, o Sr Alcalde puido pagar aos empresarios de Ponteceso, pero vostede volve con isto para facer ver que a culpa é nosa.

Vostede, coa maioría absoluta que tiña, podía levar extraxudiciais e os seu compañeiros levantar a man e solucionado, pero tal como está agora o PSOE de Ponteceso non pode facelo,

Pode modificar iso se quere, saque 200.000€ ,que si que os ten, e páguelle aos empresarios de Ponteceso, senón lle paga é porque vostede non quere e porque vostede fai as cousas mal.

Toma a palabra o Sr Alcalde, o cal reconece que non os ve nada favorables respecto ao modificativo de crédito, e que el vai ir á situación do contexto, e creo que os políticos debemos estar á altura do que os cidadáns necesitan.

Non é solo que este Pleno costa mais de 1000€ convocalo, senón que é o traballo dos funcionarios que prepararon este expediente que non sirva para nada.

É un modificativo de crédito que non lle prexudica a ninguén, nin o PP nin a APIN, todo o contrario, favorece aos veciños.

É falso que nós podamos pagar as facturas sen a aprobación do Pleno, porque eu cada vez que podo pagar unha factura fágoo.

Pero de verdade implórollo, póñome de xeonllos se fai falta, non utilicen ós empresarios como fixo o señor Pose Verdes dicindo “(...)se vostede marcha ao día seguinte nós pagámoslle aos empresarios(...)” ¿daquela isto que é unha estratexia política?. Estamos falando cousas serias, facturas como Fenosa, deixen de lado esas estratexias políticas de desgaste, de debilitamento do goberno, e dean un paso fagan como fixeron antes aprobaron a conta Xeral, aprobaron o das vivendas, fagan igual con isto, deixen que os empresarios cobren e despois fagamos tódalas reunión que queirades, póñanme día e hora porque na última reunión que convoquei, estivemos aquí sós e non veu ninguén máis.

Pide que apoiem isto, que pensen que detrás disto hai empresas hai moitas familias, hai moitos traballos. Vamos ter un pouco de corazón e fagan vostedes igual que a concelleira do PP de Carballo, abstéñanse, deixen vostedes que cobren.

Toma a palabra o Señor Pose Verdes, voceiro de APIN, e comenta que na reunión que vostede di que non veu ninguén, dicirille que é mentira. Xa nin foi maneira de convocar a reunión, que un empregado chame e poña hora e despois volva a chamar pa cambiala, estiven unha hora esperando na porta e incluso algún do seu equipo de goberno non tiñan coñecemento de dita reunión, esa foi a importancia que lle deu vostede a reunión, cero patatero.

En canto o tema dos cartos, vostede contratou unhas obras, uns servizos, que non tiñan partida e despois vostede o que fai e traer un REC ao pleno. Faille a pregunta de cantos recoñecementos extraxudiciais leva. APIN non pode votar a favor, porque vostede non vai parar.

Toma a palabra o Señor García Cotelo, voceiro do PP e comenta que as reunións que tiñamos que facer para repartir os cartos entre os empresarios por unha moción que se aprobou por maioría no mes de Abril non se fixeron.

Esa reunión a que alude o Sr Alcalde convócaa para un venres pero resulta que o mércores sae unha noticia sale na Voz de Galicia na que o Alcalde de Ponteceso reparte axudas aos autónomos de Ponteceso, porque conclúo que a reunión xa non ten razón de ser.

Continúa dicindo ao Sr. Alcalde que non intente enganar, porque a súa xestión non é boa, porque vostede tiña unha maioría absoluta e pensou que lle ían levantar a man e aprobarlle todo...e asi leva dende que empezou o dos extraxudiciais.

Esto é insostible, vostede ten que marchar e senón terémolo que botar. Vostede sí que lle pode pagar ós empresarios, fágao. Vostede é o responsable. A responsabilidade tena que asumir vostede toda.O noso voto vai ser en contra.

Intervén o señor Pose Verdes que quere recordar que aquí en APIN soamente son dous votiños, o PP son 3, polo tanto teno vostede fácil porque ten maioría absoluta. Agora intenta dar pena dicindo que vostede é moi bo e o resto moi malos, cando o problema é vostede, polo que arregle o problema.

Intervén o Sr.Alcalde e comenta que se vai proceder a votación vendo que as súas ideas non teñen eco na súa opinión. Indica que cree que esto é unha estratexía de desgaste ao goberno pero cree que se equivocan. Os empresario van cobrar porque hai unha deputación provincial que cuns plans provincias defenden que antes de obras hai que pagarlle ós empresarios.

Sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 votos a favor(3 do PSOE (Xosé Lois García Carballido, Noelia María Suárez Varela e María Teresa Chouciño Calvete)

Votos en contra: 7 (3 votos do PSOE (Miguel Ángel González Gómez, Faustino Santiago Lema e Salvador Eiroa Ameijenda). 3 votos do PP e 1 voto de APIN)

Abstencións: -

Decae o modificativo de crédito, á vista do cal o Sr Alcalde retíra o punto 6 da orde do día

PARTE DE CONTROL

1.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME A QUE SE REFIREN OS ARTIGOS 213 E 218 DO RDL2/2004, DE 5 DE MARZO POLO QUE SE APROBA O TRLFL, O ARTIGO 37 DO RD 424/2017, DE 28 DE ABRIL POLO QUE SE REGULA O RÉXIME XURÍDICO DO CONTROL INTERNO NAS ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO LOCAL E A BASE 45ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2020.

Os membros do Pleno dánse por enterados.

2.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta das resolucións e decretos ditados pola Alcaldía dende a última que se dou conta ao Pleno e que son as seguintes: Dende a número 606/2020 do 23-09-2020 ata a num-.850/2020 do 19-11-2020

Os membros do Pleno dánse por enterados.

3.-DACIÓN DE CONTA DAS ACTAS DAS XGL ANTERIORES.-

Os membros do Pleno dánse por enterados

4.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr Alcalde indica que previamente imos engadir as mocións de urxencia presentadas en tempo e forma,dando a palabra a Sra secretaria que indica que existen dúas mocións presentadas polo voceiro de APIN, e aclara que para debater as mesmas procede primeiro apreciar a súa urxencia por maioría absoluta e despois procederase a debater a mesma-

1ª moción: Eliminación de cargos con dedicación exclusiva e parcial.

Exposición de motivos

A pesar da aprobación de diversas medidas de natureza social por parte das diferentes administracións territoriais coa finalidade de combater a grave situación de vulnerabilidade sociolaboral derivada da emerxencia sanitaria provocada pola COVID-19, aínda existen numerosas persoas e colectivos que non lograron acceder a ningunha cobertura e que se atopan nunha severa situación de desprotección.

Os concellos, como administración máis próxima ao cidadán e como coñecedores directos das necesidades da veciñanza, non podemos permanecer alleos a esta circunstancia, polo que, facendo un uso responsable das nosas competencias legais e poñendo todos os recursos económicos á nosa disposición, debemos contribuir a paliar a situación.

Con este obxectivo aparente, o Alcalde do Concello de Ponteceso, mediante Resolución número 711/2020, do 16 de outubro, aproba a convocatoria e as bases para o denominado Plan de Emprego Social, consistente na creación dunha bolsa de emprego rotatoria de 6 meses de duración e para 10 beneficiarios por quenda por un salario de 1.108,33 euros.

Tal e como expresou a concelleira de Servizos Sociais, os elementos que permitiron a aprobación do Plan de Emprego Social son a política de contención de gasto levada a cabo polo concello e a renuncia do Alcalde ao soldo municipal, engadindo que se houbera máis fondos, habería máis contratacións.

Non dubidamos das bondades do Plan aprobado pero entendemos que non é, en modo algún, suficiente respecto ás necesidades acuciantes de numerosos veciños e colectivos do noso Concello que precisan de apoio de forma urxente. Somos conscientes, por outra banda, das dificultades económicas que, debido á xestión de García Carballido, está a atravesar o noso concello pero todos os membros da Corporación sabemos que poden acadarse máis fondos.

Aínda que este Grupo Municipal defende a necesidade de establecer unha retribución xusta aos cargos políticos que desenvolven tarefas ao servizo do Concello, o certo é que a situación de excepcionalidade na que se atopa a sociedade e os graves riscos de exclusión social aos que se ven expostos individuos e familias do noso concello como consecuencia da pandemia da COVID-19, require de solucións igualmente excepcionais.

É por estes motivos polos que, aos efectos de aumentar os créditos destinados ao Plan de Emprego Social 2020/2021, este Grupo entende necesario modificar o réxime de retribucións dos concelleiros do Grupo de Goberno, eliminando as dedicacións exclusivas e parciais que foron aprobadas en sesión constitutiva de este Pleno celebrada en data do 1.07.2019.

A urxencia da presente moción vén xustificada pola necesidade de aumentar con carácter inmediato, dada a situación de vulnerabilidade na que se atopan numerosos veciños e veciñas do Concello, os créditos destinados ao Plan de Emprego Social 2020/2021 para unha segunda convocatoria.

Moción

Por todo iso, o voceiro do Grupo Municipal de APIN-SON Ponteceso presenta para a súa aprobación en Pleno, os seguintes acordos:

- Eliminación de todos os cargos con dedicacións exclusivas e parciais aprobadas en sesión constitutiva de este Pleno o 1.07.2019.

- Destinar os créditos liberados a unha segunda convocatoria do Plan de Emprego Social 2020/2021(...)"

O Sr Alcalde toma a palabra e indica que dado a importancia do contido desta moción e como pode incidir na propia organización municipal , pídello ao voceiro de APIN que deixe a moción enriba da mesa, dado que considera que é necesario que secretaría e intervención emitan os seus informes polos efectos da aprobación desta moción.

O Señor Pose Verdes dí que non lle importa deixalo encima da mesa sempre e cando se lle poña unha data para a súa celebración, tamém se pode solicitar deixar cobrar pleno, comisión e xuntas de goberno.

O alcalde confirma que en 15 días convocará ese pleno.(...)

Decídese que o Pleno se celebrará o 14-12-2020 ás 20:00 h para tratar este tema.

2º MOCIÓN

"(...)2.- REVOGACIÓN DAS DELEGACIÓN S OUTORGADAS AO ALCALDE E Á XUNTA DE GOBERNO.

Exposición de motivos

Na sesión de constitución da Corporación, celebrada o día 15/06/2019, o Pleno acordou a delegación no Alcalde das seguintes competencias do Pleno, do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local:

- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia do Pleno, do artigo 22.2.j) do devandito corpo legal.

- A declaración de lesividade dos actos do concello, do artigo 22.2.k) do devandito corpo legal.

Na mesma sesión, o Pleno acordou a delegación na Xunta de Goberno Local das seguintes competencias do Pleno:

- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do

Orzamento. A concertación das operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos. Competencia do artigo 22.2 da LBRL.

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso superen os seis millóns de euros. As competencias na adxudicación de concesións sobre os bens do concello e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e en todo caso o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor supere a contía e a porcentaxe indicados. A competencia para a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 da LCSP. Competencia da Disposición adicional segunda, apartado 2 da LCSP.

Á vista da caótica xestión levada a cabo polo Alcalde ao longo dos últimos meses, da súa delicada situación política sen os apoios suficientes para a adopción de acordos e da multitude de competencias asumidas tras o cese de 5 concelleiros do Grupo de Goberno, cómpre promover desde o Pleno da Corporación unha fiscalización reforzada da súa labor, co obxectivo de protexer os intereses dos veciños e veciñas de Ponteceso. Baixo ese obxectivo, entendemos preciso revogar as competencias delegadas polo Pleno ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local.

Moción

Por todo iso, o voceiro do Grupo Municipal de APIN-SON Ponteceso presenta para a súa aprobación en Pleno, os seguintes acordos:

1.- Revogación das competencias delegadas polo Pleno ao Alcalde na sesión celebrada no día 1/07/2019, consistentes nas seguintes:

- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia do Pleno, do artigo 22.2.j) do devandito corpo legal.

- A declaración de lesividade dos actos do concello, do artigo 22.2.k) do devandito corpo legal.

2.- Revogación das competencias delegadas polo Pleno á Xunta de Goberno Local na sesión celebrada no día 1/07/2019, consistentes nas seguintes:

- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento. A concertación das operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos. Competencia do artigo 22.2 da LBRL.

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso superen os seis millóns de euros. As competencias na adxudicación de concesións sobre os bens do concello e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e en todo caso o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor supere a contía e a porcentaxe indicados. A competencia para a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 da LCSP. Competencia da Disposición adicional segunda, apartado 2 da LCSP. (...)"

O Sr. Alcalde insiste que para esta moción hai que reunirse e falalo para pedir o asesoramento aos técnicos do concello.

O Señor Eiroa replicalle que quedou sen apoios e parece que non o entende. Podo esperar 15 días pero indica que mantén as mocións para o vindeiro pleno.

ROGOS

Non existindo rogos, toca o turno das preguntas.

PREGUNTAS DO PP.

- 1) Ten vostede pensado arranxala iluminación no parque do Río Anllóns en Ponteceso? Dende hai bastante tempo non hai iluminación en algúns tramos.
- 2) Quen está a realizar as tarefas de limpeza das rúas en Corme? Malestar dos veciños pola falta de limpeza nelas chegando haber verdin poñendo en perigo a xente que pode chegar a esvarar.
- 3) En que estado de titularidade se atopa a Casa de Mourelle de la Rúa? Había un convenio asinado coa familia que só faltaba elevar a escritura pública ése acordo.

Toma a palabra o Sr Alcalde e indica que as mesmas serán respondidas no vindeiro pleno.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás dezasete horas e vinte minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria , asinandoa xunto co Sr. Alcalde.

O alcalde-presidente

A Secretaria

Asdo.: Xosé Lois García Carballido.

Asdo; Antía Pena Dorado